


"A nosa experiencia co Portfolio Europeo das Linguas"

Centro: C.E.I.P VISTA ALEGRE
Mestre Don Camilo s/n
27880 Burela
Lugo



ceip.vista.alegre@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipvistaalegre>

Autoría: **Gema Cillero García**
Directora e Mestra de inglés

Sinopse do traballo:

Que é un Portfolio Europeo das Linguas?

É unha reflexión sobre as diferentes culturas e sobre o nivel de aprendizaxe que se vai conquerindo nas linguas (materna, ambiental e estranxeiras) coas que estamos en contacto. Actualmente está en fase de experimentación no noso centro e vainos servir para describir as competencias lingüísticas do alumnado.

Delimitación do campo de traballo:

Ciclo: 3º ciclo de educación primaria

Cursos: 5º e 6º de educación primaria.

Área ou materias: Lingua estranxeira (inglés), Lingua galega e Lengua castellana.

ÍNDICE

1. [XUSTIFICACIÓN](#)
2. [OBXECTIVOS](#)
3. [CONTIDOS](#)
4. [METODOLOXÍA](#)
5. [TEMPORALIZACIÓN](#)
6. [ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS](#)
7. [ACTIVIDADES](#)
8. [PLAN DE AVALIACIÓN](#)
9. [MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA A COORDINACIÓN](#)
10. ANEXO: DOCUMENTOS

- [Portfolio no CEIP VISTA ALEGRE – Maio 2006. ppt](#)

(Presentación en formato **POWERPOINT** da nosa experiencia) Utilízase a lingua castelá, inglés, francés,xa que a experiencia desenvolveuse na aula de inglés animando a todo o alumnado a aprender máis linguas....

-“[DÍAS DE LA SEMANA.Alumno.doc](#)” (Exemplo de traballo elaborada para tratar a diversidade lingüística na nosa aula de inglés).

1.- XUSTIFICACIÓN:

A principios do curso escolar 2003/04, dende a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, solicitouseme colaboración para participar na pilotaxe do programa de innovación educativa: “**Portfolio Europeo das Linguas**”. Como o tema estaba relacionado coa aprendizaxe das linguas polo que sinto verdadeira paixón, aceptei aínda que con certas dúbidas xa que non sabía moi ben como levalo á práctica na aula.

Empecei no curso 2003/04 con “material fotocopiado” e buscando información doutros centros que xa o viñan experimentando nas súas aulas tanto en España como no estranxeiro. En realidade non había moita información sobre o tema pero empecei moi axiña a verlle utilidades para as miñas clases de inglés e motivar ao alumnado na aprendizaxe de novos idiomas, tomar conciencia do plurilinguismo existente na clase xa que había nenos e nenas procedentes de distintos países: Cabo Verde, Perú, Argentina, Uruguay, Portugal.....

A participación do noso colexio en Proxectos Educativos Europeos: Comenius 1.1 tamén favorece o interese por outras linguas e culturas ó darse conta do plurilinguismo existente.

A partir do curso 2004/05 o material que recibimos era moito máis atractivo, original e cheo de cor.

Participei nas Xornadas: “**Presentación Portfolio europeo das Linguas**” o día 23 de abril de 2005 en Santiago que me serviron para manter contacto con outras profesoras que o estaban experimentando nese momento.

Comprendín axiña os beneficios do PEL durante a visita ARIÓN dentro do programa Sócrates realizada o curso pasado do 3 ao 7 de abril de 2006 (Aurillac- Francia) e titulada: “*Démarche créative en école primaire*” (Enfoque creativo nas escolas de primaria). A inspectora desa zona do Cantal é unha persoa moi volcada co estudio dos idiomas dende unha idade moi temperá. O **Portfolio** representa unha ferramenta ideal para motivar e avaliar o coñecemento que se vai adquirindo nos idiomas non so ao longo da escolaridade senon ao longo de toda a vida.

Moitos compañeiros e compañeiras preguntaronme pola experiencia do Portfolio. Foi cando decidín no curso 2005/06 facer unha presentación en Powerpoint que reflexara da maneira máis clara posible a súa implementación na aula. Gracias a súa visualización, a profesora de inglés do IES ao que estamos adscrito está disposta este curso a darlle continuidade. Paréceme fundamental que o alumnado que empezou en 5º e 6º de Educación Primaria siga co Portfolio en Educación Secundaria e por suposto ao longo de toda a súa vida a poder ser.

O día 10 de xuño de 2006, estreneime como ponente no Congreso-Simposio: “**INNOLENG**” convocada polo Centro de Profesorado de Bollullos-Valverde (Huelva) e presentei a experiencia levada a cabo no noso centro durante o curso 2005/06. O resultado foi positivo xa que o profesorado das seccións europeas tiveron a ocasión de ver material real do noso alumnado. Foi moi práctico e o profesorado asistente mostrou gran interés ó final da miña exposición plantexándome dúbidas e anotando datos interesantes sobre este tema.

“ O home é enemigo do que ignora: enséña unha lingua e evitarás unha guerra. Expande unha cultura e acercarás un pobo a outro ” (Naím Boutanos)

O rico patrimonio das distintas linguas e culturas de Europa constitúe un recurso común moi valioso que hai que protexer e desenvolver. É necesario o importante esforzo educativo que se está a levar a cabo co fin de que esa diversidade deixe de ser un obstáculo para a comunicación e se convirta realmente nunha fonte de enriquecemento e comprensión mutuos.

Gracias a un mellor coñecemento das linguas estranxeiras será posible facilitar a comunicación e interacción entre europeos que teñen diferentes linguas maternas co fin de fomentar a mobilidade en Europa, a comprensión mutua e a colaboración, vencendo así os prexuízos e a discriminación.

Gracias o PEL, intentamos axudar a conseguir as liñas básicas do Marco de Referencia Europeo en política lingüística, desenvolvendoas e adaptandoas á nosa realidade e intereses.

2.- OBXECTIVOS:

- Respetar, protexer e promover a diversidade lingüística e multicultural.
- Tomar conciencia do plurilinguismo.
- Convencerse de que todas as linguas son vivas e importantes.
- Enriquecerse con outras linguas e culturas que nos rodean.
- Desenvolver no alumnado a aptitude de auto-avaliarse.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado nas distintas linguas que o rodean ou coas que está en contacto.
- Producir mensaxes orais e escritas sobre os temas traballados, seguindo modelos en inglés, *francés*, *portugués*, *alemán*: a nivel de iniciación.
- Desinhibirse nas presentacións orais diante dos compañeiros/as.
- Coñecer algúns aspectos característicos das distintas culturas de procedencia do alumnado (compañeiros da clase.).
- Amosar interese e respecto por coñecer as opinións e as vivencias persoais dos compañeiros e compañeiras.
- Amosar interese e respecto polos aspectos culturais traballados.
- Deducir normas de funcionamento do inglés, francés ou portugués a partir da experimentación coas linguas que nos rodean.
- Fomentar no alumnado o éxito e autoestima.
- Proporcionarlles unha ferramenta baseada nunha reflexión que asegura que aprender a comunicarse en inglés ou en calquera outro idioma é un proceso significativo, relevante e divertido.
- Animalos a participar activamente e a ser constructores do seu aprendizaxe.
- Axudar a adquirir conceptos e coñecementos do mundo que rodea ao neno/a a través da aprendizaxe dos idiomas e máis particularmente do inglés.
- Contribuir ao desenvolvemento integral do neno/a (social, psicológico, cognitivo, emocional, estético, físico).
- Axudalos a “**aprender a aprender**”, potenciando neles/nelas a responsabilidade, autonomía e reflexión.
- Promover unha atmósfera de cooperación e colaboración na aula.
- Educar en valores: cidadanía, tolerancia multiculturalidade,...

3.- CONTIDOS:

O PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS componse de tres documentos integrados nun maletín azul:

- A **Biografía**: Permítelle ó alumnado reflexionar sobre o que é capaz de facer nas linguas que coñece ou que estudia nas catro capacidades clásicas: *escoitar, falar, ler e escribir*. Adaptouse a terminoloxía dos descritores do Cadro de Referencia do Consello de Europa ó nivel de comprensión dos alumnos: Por exemplo: “Sei falar da miña familia en inglés...”, “Sei cantar unha canción en francés”.... e que estaría integrado no nivel “A1”.
- O **Dossier** é parecido a unha axenda, diario de lectura,...que permite anotar todo o que nos parece importante gardar no “maletín azul” do noso Portfolio: Traballos e obxectos que o alumnado quere gardar e compartir cos compañeiros: fotografías, obxectos comprados nunha viaxe, cartas de compañeiros dun colexio europeo
- O **Pasaporte**: Para cumprimentar correctamente este documento en Educación Primaria é fundamental a axuda do/a profesor/a . É parecido a un “pasaporte” xa que tamén inclúe un espazo para a foto. Ten unha función informativa e vanse rexistrando todos os aspectos culturais e lingüísticos traballados e conseguidos polo neno ou nena tanto a nivel de escola como fora dela. A guía do PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS publicada na páxina do MEC pode servirmos de orientación nun principio:

http://aplicaciones.mec.es/programas-europeos/docs/guia_pel_primaria.pdf

Os tres componentes do PEL pódense descargar dende estas páxinas de Internet.

http://aplicaciones.mec.es/programas-europeos/docs/pel_dossier_primaria.pdf

http://aplicaciones.mec.es/programas-europeos/docs/pel_pasaporte_primaria.pdf

http://aplicaciones.mec.es/programas-europeos/docs/pel_biografia_primaria.pdf

Os contidos veñen marcados pola programación da área de inglés para este ciclo e relacionados co libro de texto usado neste momento: “*Little Detectives 1 and 2*”.

O curso pasado introducín material que fun elaborando en función das linguas faladas por alumnado inmigrante: portugués, “quechua”, francés, alemán.... (“Os días da semana”, “froitas e verduras”..... en distintos idiomas) *Ver Anexo: **Días da semana***”

4.- **METODOLOXÍA:**

Preténdese favorecer unha ensinanza-aprendizaxe que lles axude a ser conscientes do seu propio proceso de aprendizaxe, dándolles a posibilidade de usar unha ferramenta (**O portfolio**) que poidan empregar para aprender mellor (“**aprender a aprender**”). O noso enfoque comunicativo basearase en que non se pretende “ensinar linguas estranxeiras, senon ensinar a comunicarse nelas”.

Un aspecto importante na ensinanza dunha lingua estranxeira é abrir a mente do alumnado ao mundo cultural e social dos que falan esa lingua, xa que a lingua é expresión de toda unha cultura, unha maneira de entender e codificar a realidade e de organizar as relacións interpersoais. De ahí a importancia de non deixar de lado os aspectos socioculturais.

Polo tanto o enfoque ten que ser comunicativo: Está claro que o estudio da gramática e do vocabulario por si mesmos no nos levan cara a aprendizaxe dunha lingua viva! Hai que favorecer a comunicación.

É moi importante que os nenos/as descubran a integración lingüística xa que as linguas non son compartimentos estancos e hai aprendizaxes transferibles dunhas linguas a outras.

Unha lingua nunca se acaba de aprender. Temos que procurar educar na aprendizaxe continua ao longo da vida.

A modo de resumo, trátase de empregar unha metodoloxía participativa, cooperativa e baseada na comunicación oral e uso práctico da lingua.

5.-TEMPORALIZACIÓN:

Utilizamos o PEL ó longo do curso escolar .

Unha sesión mensual foi suficiente durante o curso 2005-06. Aproveitamos a volta de vacacións para falar e anotar novas experiencias nos documentos do alumnado: visitas, experiencias con outros nenos e nenas doutras rexións ou países, obxectos destacados por algún motivo,.....

A temporalización deste proxecto levouse a cabo dende o curso 2003/04 pero foi durante o curso pasado cando realmente se fixo máis efectivo na asignatura de inglés.

Esta foi a secuencia seguida durante o curso 2005-06:

Primeira fase: 1º trimestre do curso 2005-06

Adaptación e preparación

Segunda fase: 2º trimestre do curso 2005-06

Desenvolvemento dos obxectivos

Terceira fase: 3º trimestre curso 2005-06

Avaliación e análise dos obxectivos acadados.

Envío dos cuestionarios do Profesor e do Alumnado á sección de Programas Europeos da Consellería de Educación .

Cuarta fase: Curso 2006-07

Continuación co desenvolvemento dos obxectivos seguindo unha secuencia similar á do curso pasado. Este ano incorporaranse os mestres/as titores/as dos cursos implicados para implementar o Portfolio nas áreas de galego e lingua castelá e traballar de maneira coordinada o PEL.

6.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E DE TEMPOS:

- **ESPAZOS USADOS PARA LEVAR A CABO ESTA EXPERIENCIA:**
 - **A aula de inglés do centro.**
 - **A biblioteca escolar**
 - **A aula de informática.**

• **TEMPOS:**

- **Unha sesión mensual na clase de inglés.**
- **Unha sesión trimestral na aula de informática.**
- **Unha sesión trimestral na Biblioteca escolar.**

7.- **ACTIVIDADES:**

- Presentación do Portfolio.
- Producción oral: O alumnado presenta en inglés ós/ás compañeiros/as obxectos que aprecia e que son doutros países.
- Comprensión oral (escoitamos a profesora contarnos un conto en inglés)
- Ler cartas e tarxetas dos compañeiros europeos.
- Redactamos cartas ós nosos compañeiros de Finlandia.
- Recopilamos, organizamos información e gardámola.
- Intercambio de reflexións entre o alumnado.

8.- **PLAN DE AVALIACIÓN (indicadores e incidencia na práctica educativa)**

Ademais da avaliación que se envía ó final do curso á Sección de Programas Europeos, debería destacar o seguinte:

- A reflexión co PEL fai aflorar temas afectivos nos nenos e nenas desta idade.
- Creanse actitudes moi positivas cara outras linguas.
- Intercomunicación co grupo favorecendo a integración do alumnado inmigrante. (Interés por aprender algunha palabra en creolo, portugués...)
- Axuda a crear un clima de cooperación e colaboración educativa.
- O PEL convirteuse nunha ferramenta imprescindible na miña clase de cara a mellorar a competencia nas linguas estranxeiras tendo en conta a diversidade lingüística e cultural do noso alumnado.
- O PEL consegue implicar máis aos meus alumnos no proceso de aprendizaxe e a tomar parte máis activa.

- O PEL contribúe a que os meus alumnos/as sexan máis sensibles ante a pluralidade lingüística e cultural de España, de Europa e tamén de países hispanoamericanos ou africanos.
- O alumnado mostrou a súa satisfacción ó verse partícipe e protagonista na presentación en formato Powerpoint da Experiencia levada a cabo e traballada na aula de informática.

Por todo o mencionado anteriormente, podó afirmar que o **Portfolio Europeo das Linguas** axuda ao meu alumnado a fixarse obxectivos de aprendizaxe, autoavaliar o seu progreso, aprender de forma autónoma e aumentar a súa autoestima mediante unha avaliación positiva das súas competencias lingüísticas e experiencias interculturais.

O PEL convirteuse pouco a pouco nunha ferramenta imprescindible na miña práctica educativa aínda que require de vez en cando preparación de materiais novos para traballar temas relacionados cos idiomas do alumnado inmigrante que xa está e que vai chegando ao longo do curso ao noso centro.

Propostas de mellora:

- Considero necesario expandir o coñecemento do PEL, non só no ámbito escolar, senon tamén socialmente. Un tratamento coidado do seu enfoque sería a clave do seu éxito.
- Darlle un sentido “oficial” para animar ó profesorado a facer uso del nas súas aulas.

9.- MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA A COORDINACIÓN:

A miña intención é coordinar o meu traballo co profesorado do IES adscrito ó noso centro para darlle continuidade ó traballo desenvolvido durante dous cursos co alumnado que este ano pasa a 1º ciclo da ESO.

Creo que esta experiencia pode ser interesante para os demais centros da comarca xa que estamos a recibir cada vez máis alumnado inmigrante que chega cunha baixa autoestima e que lle costa integrarse. O PEL favorece o entendemento e tolerancia entre os cidadáns, mediante o coñecemento doutras linguas e culturas.

Darei a coñecer a miña experiencia a todos os compañeiros e compañeiras que estean interesados/as e queiran saber como se desenvolveu por medio da presentación en Powerpoint que elaborei ao longo do curso 2005/06 e que acompaño a esta memoria descriptiva.

Tamén estamos pensando en incluíla na recién renovada Páxina WEB do noso centro para dar a coñecer a toda a Comunidade Educativa **A NOSA EXPERIENCIA CO PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS.**

Os mestres titores do 3º ciclo desexan colaborar na experimentación durante o presente curso escolar . Faise imprescindible unha coordinación estreita entre nós, de modo que os contidos e actividades a desenvolver sexan froito dunha reflexión continua e creativa. Todo isto vai permitir un enriquecemento profesional xa que imos intercambiar experiencias que nos axudan a desenvolver cada día mellor a nosa práctica docente.

Burela, 27 de setembro de 2006

Asdo: Gema Cillero García